

PATRIMONIO

O Consorcio recibe 96 solicitudes para a rehabilitación dos inmobles da cidade histórica

O Consorcio de Santiago deu conta na Comisión Executiva do mes de marzo do número de solicitudes recibidas no marco do programa "Terémanter", dirixido á rehabilitación dos elementos especiais de madeira e ao mantemento da envolvente exterior dos inmobles da cidade histórica de Santiago. Nesta última convocatoria, lanzada a principios de 2022, recibíronse un total de 96 solicitudes, o que representa unha nova cifra récord por terceiro ano consecutivo.

A través destas axudas búscase mellorar a eficiencia enerxética e o illamento acústico dos edificios. O organismo destina a esta convocatoria un importe global de 600.000 €, o dobre da cantidade da convocatoria de 2020.



PUBLICACIÓNS

Un libro sobre Domingo de Andrade recolle todas as facetas do arquitecto galego

O Consorcio de Santiago e Teófilo Edicións coeditan *Domingo de Andrade. A invención do Barroco*, unha obra impulsada pola Real Academia Galega de Belas Artes en colaboración coa Facultade de Historia da Universidade de Santiago e co patrocinio do Xacobeo 21-22. Nesta publicación, coordinada polo arquitecto Celestino García Braña e o catedrático de Historia da Arte da USC Alfredo Vigo Trasancos, participan un total de trece autores, arquitectos e historiadores da arte.



Dous libros sobre Eugenio Granell recollen o seu regreso do exilio e as súas cartas con Vicente Llorens

O Consorcio de Santiago presentou dous libros pertencentes á Biblioteca Literaria Compostelana e coeditados coa editorial Alvarellos sobre aspectos do exilio sufrido polo artista Eugenio Granell entre os anos 1939 e 1985 tras a súa adhesión ao bando republicano. Durante eses anos viviu en países como República Dominicana, Guatemala, Porto Rico ou os Estados Unidos de América.



Por un lado, o libro de Violeta González Forte 'Eugenio Granell, regreso de un surrealista exiliado' que versa sobre a vida do pintor tras o seu regreso do exilio. Pola outra, o libro 'Un diálogo entre supervivientes. Eugenio Granell y Vicente Llorens', recolle da man de Inmaculada Real López as cartas que intercambiaron o galego e o historiador valenciano durante máis de catro décadas de amizade.

MÚSICA



Un mes de abril cargado de viaxes e música

A Real Filharmonía de Galicia vivirá no mes de abril catro grandes concertos da súa temporada 'Viaxes'. A 'Primavera Xermánica', con Nicolas Altstaedt de director e violoncello; 'París', con Corinna Niemeyer de directora e Xabier Casal de saxo; 'Un mundo en movemento', con Paul Daniel de director e Martin Grubinger na percusión e 'Austria: Ida e Volta' con Javier Perianes de director e piano.